



**Nº 23/2015**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO**

**O DÍA 30/12/2015**

**ORDE DO DIA**

- 1 Aprobación do orzamento do ano 2016
- 2 Adopción de acordos sobre a desafectación da Marisma de Redondela
- 3 Prórroga dos contratos de seguro do Concello
- 4 Actividades de control do pleno:
  - 4.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 17/11/15 ao 16/12/2015

En Redondela, no Multiusos da Xunqueira, que foi habilitado como sala de plenos para esta sesión por resolución da alcaldía de data 23/12/2015 sendo as vinte horas do día trinta de decembro de dous mil quince, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: María del Carmen Amoedo Dasilva, Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María José Barciela Barros, María Teresa París Blanco, Arturo González Barbeiro, Julio César Mougán Vázquez, Jesús Crespo López, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Digna Rosa Rivas Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, Jorge Varela Couñago, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Asiste tamén o interventor do Concello Ángel Santamariña Rivera e como secretaria Ana Begoña Merino Gil, secretaria xeral do Concello.

**INCIDENCIAS**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar o punto único da Orde do Día.-

**1. APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2016**

**ANTECEDENTES**

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de Desenvolvemento Local que di:

“Vista a Proposta da Presidencia , de data 21 de decembro de 2015, que transcrita di:

Visto o proxecto de orzamento Xeral para o exercicio 2016, que inclúe o orzamento municipal e o da Sociedade Mercantil “Radio Redondela, S.L.”.

Vista a estrutura orzamentaria aprobada na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que no estado de ingresos recóllense previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no estado de gastos, os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles a Corporación, que se forma o orzamento con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que o mesmo atópase equilibrado cumprindo así co disposto no artigo 165 do TRLFL.

De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLFL e 90 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello, que ascende cos seguintes resúmenes:

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - INGRESOS**

TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Total capítulo 1	IMPOSTOS DIRECTOS	7.171.923,58 €
Total capítulo 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	250.000,00 €
Total capítulo 3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	2.391.995,00 €
Total capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.774.861,49 €
Total capítulo 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	38.608,99 €
Total capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	160.000,00 €
Total capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	36.000,00 €
Total capítulo 9	PASIVOS FINANCEIROS	680.000,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>18.503.389,06 €</b>

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - GASTOS**

TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Total capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	6.244.463,20 €
Total capítulo 2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	7.529.984,65 €
Total capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	157.018,57 €
Total capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.276.684,88 €
Total capítulo 6	INVERSIONS REAIS	2.149.312,16 €
Total capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	400,00 €
Total capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	36.000,00 €
Total capítulo 9	PASIVOS FINANCEIROS	1.109.525,60 €
	<b>TOTAL</b>	<b>18.503.389,06 €</b>

**CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS - GASTOS**

TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Área de gasto 1	SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	8.835.829,26 €
Área de gasto 2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	1.720.535,61 €

**Concello de Redondela**



Área de gasto 3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	3.467.427,34 €
Área de gasto 4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	491.802,10 €
Área de gasto 9	ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	2.813.572,04 €
Área de gasto 0	DEUDA PÚBLICA	1.174.222,71 €
	TOTAL	18.503.389,06 €

SEGUNDO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do anuncio polo que se expoña ao publico o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

TERCEIRO.- O orzamento xeral considerárase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao publico non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

CUARTO.- Do orzamento definitivamente aprobado remitirase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.

**Votacións e ditame.:** A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP , e as abstencións do PSG- PSOE, AER, BNG e a Concelleira non adscrita, estimaron oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

### INTERVENCIONES

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que neste orzamento suben algunhas partidas de servizos sociais pero parécenlle insuficientes as adicadas a cuestións como a promoción social, prestacións sociais e atención a drogodependientes. Non va a votar a favor. Cree que as partidas para promoción de emprego tamén teñen que subir.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non lle parece pertinente celebrar un pleno destas características nun día como hoxe e parécelle unha mostra de cómo se atopa o goberno municipal que non cumpre as súas promesas de negociar e debatir cousas tan fundamentais coma os orzamentos porque queren por en práctica unha nova argucia consistente en aprobar o orzamento na xunta de goberno. Di que insistiron en que se celebrara no horario habitual para que poidera vir a xente. Indica que o PP quere perpetuarse no goberno e que para iso presionaron á oposición de diversas formas. Sinala que o tema dos orzamentos prorrogados non é tan problemático xa que permiten ao goberno xestionar os cartos de todos. Considera que nadie pode dicir que despois de catro anos do PP melloraron as condicións de vida en Redondela. Sinala que os orzamentos participativos son moi cuestionados polos consellos parroquiais porque se estaban a investir en cousas que o Concello xa tiña que facer obrigatoriamente e di que nas partidas de carácter social tamén hai trampa e que o transporte interparroquial truxose noutras ocasións pero logo non se fixo nada. Indica que a mellora na xestión dos ingresos non existe e considera que as pretensións son moi infladas e que unha partida moi importante vai para pagar a Sogama.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que o goberno trae os orzamentos hoxe porque ten a posibilidade de aprobalos en *petit comité* e aínda que tiveron todo o ano para facer as súas propostas veñen agora con presas. Sinala que a proposta é similar á dos últimos tres anos e critica que non foran quen de facer unhas bases para regular os orzamentos participativos. Tampouco ven que se asuma o tema dos comedores

---

### **Concello de Redondela**



escolares fora dos periodos lectivos porque se aumenta a asignación a Cáritas e nese sentido considera que non acatan as mocións. Cuestiona tamén que queiran modificar a ordenanza das terrazas e as novas subvencións nominativas e chámalles a atención a subvención de 10.000 € a asociación de empresarios. En canto ao emprego di que Redondela ten tres servizos distintos xestionados polo PP e ao final mandan as empresas de traballo temporal polo que non lle parece que iso cree emprego. Refírese á recadación de ingresos no ano 2014 polo que os previstos parécenlles excesivos e estima que non van a poder levar a cabo o orzamento e cuestiona tamén que moitas obras se contratan por procedemento negociado sen publicidade.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que o orzamento planifica o futuro de Redondela pero tal e como o presentaron o consideran un mero trámite. Di que non poden apoiar os orzamentos entre outras cousas porque as contan non dan, tal e como indica o informe do Interventor. Non creen nas súas palabras sobre o consenso e consideran que os orzamentos participativos son outra cousa. Os ingresos previstos non se deron nos últimos anos e algúns impostos como o IBI habería que revisalos. Tamén consideran elevadas as previsións para as taxas e os prezos públicos, especialmente no caso das terrazas. Cuestionan tamén a xestión dos servizos sociais e as partidas propostas seguen a parecerlles insuficientes. Non consideran axeitado que os servizos sociais se trasladen a un edificio de carácter cultural o que amosa que non teñen interese polos servizos sociais. Critica as subvencións *a dedo* aínda que hai outras asociacións que fan un bo traballo pero débenlle caer mal porque non levan nada.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que se lles enviou un correo co orzamento para que fixeran as aportacións que estimaran pertinentes dicíndolles que ía a vir hoxe ao pleno, pero non houbo ningunha aportación a pesares de que polo medio se celebraron numerosas xuntas de voceiros. Indica que o último orzamento do bipartito que gobernou Redondela aprobouse ás 10 de mañá e nesta ocasión se pediu un cambio de horario por un tema de conciliación dos funcionarios asistentes. Insiste en que puideron facer aportacións e non as fixeron e moitas das iniciativas que presentan nos plenos e se aproban necesitan tempo para implementarse. Pregunta ao voceiro do BNG qué consellos parroquiais non están de acordo cos orzamentos participativos. Dílle ao voceiro de AER que non vaise a aprobar en *petit comité* senón pola Xunta de Goberno, na que hai postos baleiros para que os ocupen membros dos outros grupos políticos. Considera que son uns presupostos sociais, para mellorar claramente esta área e a de emprego, xa que considera que están conectadas. Non entende que os socialistas pretendan seguir co orzamento do ano 2014 para estar facendo modificacións, bolsas de vinculación...etc e estima que ao traer os presupostos se mollan e aportan claridade a súa xestión.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que a eficacia do goberno é cero para executar as mocións que se aproban. Considera que non ten ningún motivo para apoiar os orzamentos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que no últimos orzamentos do bipartito o PP nin estaba nin se lle esperaba. Insiste en que as parroquias non están de acordo cos orzamentos participativos. Di que a Deputación estaba anclada no século XIX pero agora van a aportar un millón cento vinte mil euros ao Concello de Redondela para facer o que queira e aínda así, o PP votou en contra. Considera que se a Xunta fixera o mesmo as cousas serían moi diferentes. Critica que se conxelen os convenios interparroquiais. Cuestiona tamén outras partidas como a suba dos soldos dos membros do goberno e do persoal de libre designación en 50.000 € ao ano.

---

### Concello de Redondela



O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que na xunta de voceiros o Alcalde dixo que as reunións non serviron de moito en anos anteriores. Considera que non se pode gastar o que non se ten. Cuestiona que non suban partidas como a de xuventude ou as que afectan a familias de Redondela e tamén a partida adicada a facer un ascensor nun parking privado pero non funciona o da piscina de Redondela.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que sí fixeron varias aportacións por exemplo as últimas relativas ás becas ou ás axudas para Tinduf. Consideran insuficiente a partida para arranxo de camiños, para o saneamento, para actividades nas bibliotecas,...etc porque consideran que fomentan a desigualdade. Cuestionan tamén a urbanización da finca da Ginaria que debía asumir Audasa e Fomento e que ao final non vai a sair tan de gratis como dixo o goberno.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o BNG agora en vez de falar de suprimir as deputacións como fixeran antes, falan de melloralas. Di que o primeiro que fixo o Alcalde á hora de aprobar os orzamentos da Deputación foi presentar unha enmenda para conquistar cousas para Redondela. Considera que as contas van a cadrar de sobra. Pídelle á corporación un exercizo de responsabilidade porque no orzamento non hai nada obscuro nin raro. Parécelle normal que dende o Concello se apoie aos comerciantes de Redondelas e ás ONGs.

O Alcalde sinala que as estradas da Deputación tennas que arranxar a Deputación e que o orzamento leva unha partida importante para obras xerais.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, rexéitase por once votos en contra (6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG), nove votos a favor (9 do PP) e unha abstención (1 da concelleira non adscrita)

## **2 ADOPCIÓN DE ACORDOS SOBRE A DESAFECTACIÓN DA MARISMA DE REDONDELA**

### ANTECEDENTES

Dítame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestrutura e Patrimonio resultante da súa xuntanza do día 23/12/2015 que di:

“Pola presidencia dase conta da proposta da Presidenta da Comisión de data 8 de decembro de 2015 do seguinte tenor:

“Considerando que pola Xefa do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e en relación ao expediente de desafectación dos terreos de dominio público da Marisma de Redondela, que conforman una superficie aproximada de CIENTO SESENTA Y CUATRO MIL SETECIENTAS OITENTA (164.780) metros cadrados, foi remitido escrito no que se sinala que unha vez declarada a innecesariedade dos terreos por parte da Dirección Xeral de Costas e co obxecto de non dilatar a tramitación do expediente de desafectación dos mesmos procede que se poña en coñecemento do Concello de Redondela que ditos terreos non se atopan inscritos a favor do Estado no rexistro da propiedade.

---

### **Concello de Redondela**



Visto o artigo 136 da Lei 33/2003 de 23 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas que indica que antes do alleamento do inmovible ou dereito real procederáse a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o deslinde se fose necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade se aínda non o estivese. Con todo, poderán venderse sen suxeición ao disposto no apartado anterior bens a segregar doutros de titularidade de quen os alleee, ou en trámite de inscrición, deslinde ou suxeitos a cargas ou gravames, sempre que estas circunstancias póñanse en coñecemento do adquirente e sexan aceptadas por este.

Visto o informe emitido ao respecto polo arquitecto municipal.

Considerando que dito trámite é, en todo caso, previo á posible cesión dos citados terreos ao Concello de Redondela, razón pola cal se solicita tamén certificación dos usos actuais existentes en dito espazo e o compromiso de manter os mesmos para fins e usos públicos ou de interese social caso de producirse dito alleamento, previa a desafectación. Con este fin resulta preciso que se exclúan do certificado de aceptación as propiedades que teñen uso residencial privado.

Considerando que existen tamén na Marisma terreos que se corresponden con dotacións públicas xestionadas pola Xunta de Galicia ou pola Administración estatal que o Concello ten intención de manter.

Teño a ben propor á comisión informativa que ditamine favorable á adopción polo pleno do Concello dos seguintes acordos:

1. Ratificar a vontade do Concello de Redondela de que se proceda á desafectación da Marisma de Redondela para a súa cesión ao mesmo. Dita petición cingúese aos terreos que actualmente non teñen titularidade privada, reflectidos no plano adxunto do arquitecto municipal, consonte co interesado pola Xefa do servizo de Costas, comprometéndose a corporación a que no caso de incorporarse ao patrimonio municipal, a totalidade de dito espazo se adique a fins e usos públicos ou de interese social. A tales efectos reflíctense tamén en dito plano e no citado informe os usos actuais que son os seguintes:

Uso Equipamiento Público Municipal. A título enunciativo:

- Conservatorio de Música
- Colexio Preescolar
- Centro de Ensino Primario
- Pavillón Deportivo (2)
- Piscina Cuberta
- Edificio de oficinas (antigo ximnasio)
- Campos de fútbol (2) y Pistas de tenis "Santa Mariña"
- Estación Depuradora de Augas Residuais
- Feira e Mercado de gando

Uso Equipamento Público de titularidade autonómica. A título enunciativo

- Guardería Infantil
- Instituto de Ensino Secundario (3)
- Centro Deportivo Municipal de fútbol y tenis.
- Centro de Saúde.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Uso Equipamiento Público de titularidad estatal: Edificio de oficinas (antigo ISM)

Aceptar, aos efectos do previsto no artigo 136.2 da LPAP, a circunstancia que ditos terreos non estean rexistrados no rexistro da propiedade a nome do Estado”.

Á vista do que, propónse ao Concello Pleno, prestar aprobación á proposta antedita.

**Votación e ditame:** A comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 5 votos a favor (2 do P.P., 1 de A.E.R., 1 do BNG e 1 da Concelleira non adscrita) e 1 abstención (PSOE), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.

Por outro lado, acórdase a emisión de informe por parte do Arquitecto municipal, que clarexe tódolos usos que figuran no plano do expediente.”

### INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é a continuación dun acordo plenario anterior e pide se teña cuidado co que se di.

### VOTACIÓN E ACORDO:

A proposta contida nos antecedentes transcritos apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

## **3. PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SEGURO DO CONCELLO**

Previa declaración de urxencia, adoptada en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes trátanse as seguintes propostas:

Ditame da Comisión Informativa de Interior sobre a prórroga do contrato de seguro de vehículos municipais da súa sesión do 23/12/2015 que di:

“Con data do 24 de xaneiro do 2013 formalizouse o contrato do Seguro de vehículos municipais do Concello de Redondela (Lote 1) con MGS Seguros y Reaseguros, SA.

Vista a cláusula terceira do contrato na que establece que este entrará vigor de xeito progresivo en función da data de remate das pólizas de seguros vixentes, que terá unha duración de tres (3) anos prorrogables por mutuo acordo por outros tres (3) anos ata un máximo de seis (6) e que o mutuo acordo entenderase acadado caso de non mediar denuncia de ningunha das partes cunha antelación de alomenos dous meses con respecto ao remate do prazo.

Considerando que, a data de hoxe, non mediou denuncia de ningunha das partes, PROPOÑO ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Único.- Prorrogar o contrato do Seguro de vehículos municipais do Concello de Redondela (Lote 1), asinado o 24 de xaneiro de 2013 con MGS Seguros y Reaseguros, SA, polo prazo tres anos con efectos dende o día 24 de xaneiro de 2016.

### **Concello de Redondela**



Votación e ditame: A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, votando a favor o Grupo Municipal do P.P.(43%) e da concelleira non adscrita, e a abstención de AER (19%), ditaminou favorablemente a Proposta anteriormente transcrita “

Ditame da Comisión Informativa de Interior de 23/12/2015 sobre a prórroga do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello

“Con data do 31 de decembro do 2012 formalizouse o contrato do Seguro privado de vida e accidentes do persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela (Lote 3) con VidaCaixa, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, con efectos dende as 0.00 horas do día 1 de xaneiro de 2013.

Vista a cláusula terceira do contrato na que establece que este terá unha duración de tres (3) anos prorrogables por mutuo acordo por outros tres (3) anos ata un máximo de seis (6) e que o mutuo acordo entenderase acadado caso de non mediar denuncia de ningunha das partes cunha antelación de alomenos dous meses con respecto ao remate do prazo.

Considerando que, a data de hoxe, non mediou denuncia de ningunha das partes, PROPOÑO ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Único.- Prorrogar o contrato do Seguro privado de vida e accidentes do persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela (Lote 3), asinado o 31 de decembro de 2012 con VidaCaixa, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, polo prazo tres anos con efectos dende as 0:00 horas do día 1 de xaneiro de 2016.

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, votando a favor o Grupo Municipal do P.P.(43%) e da concelleira non adscrita, e a abstención de AER (19%), ditaminou favorablemente a Proposta anteriormente transcrita “

Ditame da Comisión de Interior da súa xuntanza do día 23/12/2015 sobre a prórroga do seguro de responsabilidade civil do Concello que se transcribe a continuación:

“Con data do 31 de decembro do 2012 formalizouse o contrato do Seguro privado de responsabilidade civil patrimonial (lote 2) do Concello de Redondela con Zurich Insurance Public Limited Company, Sucursal en España, con efectos dende as 0.00 horas do día 1 de xaneiro de 2013.

Vista a cláusula terceira do contrato na que establece que este terá unha duración de tres (3) anos prorrogables por mutuo acordo por outros tres (3) anos ata un máximo de seis (6) e que o mutuo acordo entenderase acadado caso de non mediar denuncia de ningunha das partes cunha antelación de alomenos dous meses con respecto ao remate do prazo.

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Considerando que, a data de hoxe, non mediou denuncia de ningua das partes, PROPOÑO ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Único.- Prorrogar o contrato do Seguro privado de responsabilidade civil patrimonial (lote 2) do Concello de Redondela, asinado o 31 de decembro de 2012 con Zurich Insurance Public Limited Company, Sucursal en España, polo prazo tres anos con efectos dende as 0:00 horas do día 1 de xaneiro de 2016.

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, votando a favor o Grupo Municipal do P.P.(43%) e da concelleira non adscrita, e a abstención de AER (19%), ditaminou favorablemente a Proposta anteriormente transcrita

#### INTERVENCIÓNS

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que noutra ocasión deberá traerse antes, dado que agora xa non é posible denunciar os contratos.

#### VOTACIÓN E ACORDO

O concello pleno aproba as propostas anteriormente transcritas por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo dezasete votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita e catro abstencións (4 de AER).

### **4. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:**

#### **4.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DO 17/11/15 AO 16/12/2015**

Dáse conta das resolucións da alcaldía ditadas entre o dezasete de novembro e o dezaseis de decembro de dous mil quince.

O pleno queda informado.

E non habendo mais asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o que se da conta na presenta acta da que, como secretaria, dou fe.